

GUÍA PREDOUTORAIS XUNTA 2023

Tes iniciada a túa relación contractual coa Universidade de Vigo como beneficiaria ou beneficiario dunha axuda de apoio á etapa de formación predoutoral ao abeiro da convocatoria conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia para o ano 2023 (Orde do 18/08/2023).

Co fin de facilitar a xestión entre a entidade beneficiaria, Universidade de Vigo e a entidade financiadora, Xunta de Galicia, dende a Sección de Recursos Humanos de I+D, solicitámosche que teñas en conta as seguintes indicacións durante a vixencia do teu contrato:

1. O medio preferente de relación con esta Sección será o enderezo electrónico seccion.rrhh.investigacion@uvigo.gal
2. Recomendámosche que, se aínda non dispós del, solicites un enderezo de correo electrónico da Universidade de Vigo e te rexistres nas listas de distribución de información imasd@uvigo.gal e avisos@uvigo.gal a través do seguinte enlace: [Cómo rexitrarse nas listas de correo](#)
3. Se aínda non o tes, debes realizar os trámites necesarios para dispoñer dun certificado dixital para a sinatura electrónica.
4. Ten en conta que se durante a vixencia da axuda á formación predoutoral CAMBIAS DE DIRECCIÓN DE TESE, a nova persoa proposta deberá cumprir os mesmos requisitos polos que che foi adxudicada a axuda.
5. Co obxecto de favorecer a túa formación e de posibilitar que acades a mención de doutora ou doutor internacional, tes a posibilidade de realizar unha **ESTADÍA DE 3 MESES** sempre que a tiveses pedido no momento de encher a túa candidatura. Para poder levala a cabo, xa te solicitamos a documentación que debes preparar:
 - Plan de traballo asinado por ti co visto e praxe da persoa que te dirixe a tese. [Acceso ao modelo de documento facilitador](#)
 - Carta de aceptación do centro de destino asinada pola persoa directora do centro ou figura equivalente.
 - Copia da licencia para os efectos de docencia e investigación debidamente autorizada no caso de figurar en POD

Unicamente por circunstancias excepcionais sobrevidas poderá modificarse a zona de estadía concedida.

6. A realización de **AUSENCIAS TEMPORAIS** (menos de 15 días) **OU ESTADÍAS BREVES** non financiadas pola convocatoria, deberán ser autorizadas pola Secretaría Xeral de Universidades (máis de 7 días) ou pola Uvigo (ata 7 días), polo que, no caso de ter previsto realizar algunha, debes enviar a esta Sección a seguinte documentación:

- Breve memoria descriptiva dos traballos que desenvolverás durante a túa ausencia indicando expresamente que son compatibles co teu traballo e contrato asinado. Esta memoria debe vir asinada por ti co visto bo da persoa que dirixe a túa tese. [Acceso ao modelo de documento facilitador](#)
- Carta de invitación do centro receptor onde consten as datas de estadía (só para estadías) ou documento acreditativo da organización do congreso/curso/actividade.
- Copia da licencia para os efectos de docencia e investigación debidamente autorizada no caso de figurar en POD.

Con esta información a Universidade de Vigo solicitará a autorización á Secretaría Xeral de Universidades.

Ten en conta que, salvo circunstancias excepcionais debidamente xustificadas, en ningún caso os períodos de ausencia poderán superar os 6 meses ao longo dos 4 anos do teu contrato nin poderán superpoñerse cos últimos 6 meses de contrato.

A documentación deberá ser remitida cunha **antelación mínima dun mes** antes do comezo da ausencia temporal ou estadía breve.

7. No caso de **RENUNCIAR** ao teu contrato, debes comunicalo coa máxima antelación posible a esta Sección, mediante un escrito motivado. [Acceso ao modelo de documento facilitador](#)

E, no prazo dun mes deberás presentar a seguinte documentación:

- Vida laboral.
- Memoria do traballo realizado asinada por ti co visto bo da persoa que dirixa a túa tese. [Acceso ao modelo de documento facilitador](#)
- Informe da CAPD.
- Declaración de dedicación exclusiva.

8. No caso de atoparte nunha situación de nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural de menores de nove meses, incapacidade temporal durante o embarazo por causas vinculadas con el, incapacidade temporal por causas distintas ás do punto anterior por un período mínimo dun mes ou as situacións previstas no artigo 45.1.n) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, como medida de protección das mulleres vítimas de violencia de xénero, deberás comunicar tal circunstancia en canto se produza mediante o envío dun escrito solicitando a **INTERRUPCIÓN E**



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos

PRÓRROGA DO TEU CONTRATO e acompañado da documentación xustificativa para que esta Sección poida transmitilo á entidade financiadora. [Acceso ao modelo de documento facilitador](#)

9. Co gallo de cumprir as obrigas de **XUSTIFICACIÓN E CONTROL** establecidas na convocatoria, durante a vida do teu contrato solicitaremosche, con antelación suficiente, diversa documentación que deberás ter preparada no prazo que te sinalamos.
10. Conforme á convocatoria, nas accións de difusión, así como nos resultados da produción científica e calquera outra acción que realices ao amparo destas axudas, deberás facer constar expresamente o cofinanciamento con fondos do «Programa de axudas á etapa predoutoral da Consellería de Cultura, Educación e Universidades da Xunta de Galicia», acompañado, sempre que sexa posible do escudo normalizado da Xunta de Galicia, que se pode descargar no seguinte enlace: <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/introduccion>

Ten en conta que en calquera momento poderásche pedir as evidencias de que estás adoptando estas medidas de **DIFUSIÓN** na túa actividade investigadora.

Por último, lembramos que, segundo o Real Decreto 103/2019, de 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador en formación, sodes tamén responsables do uso adecuado e da xustificación dos recursos públicos asignados (art. 13.k).

Grazas pola túa colaboración!